

A palabra de hoxe é

Táboa

TÁBOA

En deporte unha táboa é unha prancha alongada de material flotante sobre a que se practican deportes acuáticos e de neve. Un exemplo é a táboa de surf.



A palabra de hoxe é

Maillot

MAILLOT

Un maillot é unha prenda de vestir elástica dunha soa peza que se axusta ao corpo. Favorecen a flexibilidade. Os maillots utilízanse en ximnasia rítmica, artística, ciclismo...



Maillot de ciclismo



Maillot de ximnasia rítmica

A palabra de hoxe é

Lentes

LENTEs

As lentes refírense a un instrumento óptico composto por dúas lentes que se suxeitan ao nariz e ás orellas mediante unha montura e que serve para protexer a vista, corrixila ou ter unha mellor visión. En deportes como o esquí, ciclismo, tenis, etc. úsanse lentes de sol.



A palabra de hoxe é

Boxeo

BOXEO

O boxeo é un deporte consistente en que dúas persoas se golpeen cos puños, utilizando unhas luvas especiais e segundo unhas regras determinadas.

